

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 29 de MAIO de 2009**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión Plenaria ordinaria que terá lugar o venres, día 29 de maio de 2009, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Toma de posesión da deputada do PP dona Esther González Vázquez.

2.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 4/09, do 24 de abril.

3.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 6.501 á nº 8.700, de 2009.

4.-Proposición da Presidencia sobre a renuncia ao cargo do deputado provincial don Ricardo García-Borregón Millán.

Cooperación e Asistencia aos Concellos

5.-Aprobación da 2ª fase da anualidade 2009 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011.

6.-Aprobación do proxecto reformado da obra “EP 0514 Arteixo-Caión 8,65-10,25- EP 3003 0,36-0,83” do Concello de Arteixo, incluída no Programa de rede viaria local adicional 3/2008. Código: 08.2403.0511.0.

7.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Travesía Besada-Apeadoiro mx. esqdo.” do Concello de Miño, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2008. Código: 08.2100.0180.0.

8.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Saneamento Pontenova-A Garea” do Concello de Ames, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2008. Código: 08.2100.0006.0.

9.-Aprobación dos proxectos reformados das obras “Af. Acd. Pista Mazas-Quintas”, código: 07.3100.0251.0, e “Af. Acd. Pista Veiga Brea-Igrexa Luou”, código: 07.3100.0252.0, do Concello de Teo, incluídas no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007.

10.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Saneamento en Cervo” do Concello de Cedeira, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2009. Código: 09.2100.0073.0.

Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

11.-Formalización do convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o

Concello de Mesía para financiar as obras incluídas no proxecto de instalación da área de xogo de herba artificial no campo de fútbol municipal de Visantofña.

12.-Formalización dun convenio de colaboración entre a Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela e o Ilustre Colexio de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela e a Deputación provincial para financiar os gastos de realización de prácticas de alumnos da Escola de Práctica Xurídica nos departamentos de Urbanismo dos concellos da provincia da Coruña e de adquisición de material necesario para a súa execución (para o curso académico 2008/09 e 2009/10).

13.-Formalización dun convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para a cesión de uso de locais no Colexio A Milagrosa.

14.-Aprobación definitiva do expediente de cesión de uso da parcela nº 34 do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo ao Concello de Arteixo para a construción de instalacións de equipamentos deportivos.

15.-Aprobación definitiva do expediente de alteración do cambio de cualificación da parcela nº 39 do Polígono de Sabón e aprobación inicial do expediente de cesión de uso ao Concello de Arteixo.

16.-Modificación dos Pregos de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e contratación cun único criterio de valoración: factor prezo, das obras comprendidas nos plans provinciais.

17.-Aprobación da segunda modificación do proxecto da obra “Remodelación do parque de Rosalía de Castro” do Concello de Noia, incluída no Plan de investimentos locais (PIL) 2005. Código 05.3200.0149.0

Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

18.-Modificación do acordo de aprobación provisional do Plan de travesías 2008 1ª fase 2ª relación integrado polo proxecto “Mellora da seguridade viaria da E.P. 7304 de Xaras a Olveira, P.K. 1,64 a P.K. 3,99. Ribeira (0811300006.0).

19.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2009 cuarta fase, integrado polos proxectos:

-Mellora da seguridade viaria na D.P. 3801 Sigüeiro a San Mauro (Oroso)

-Acondicionamento da D.P. 3404 Serra de Outes a Dumbría entre os PK 31+230 a 31+710 (Dumbría).

-Acondicionamento da D.P. 3404 de Serra de Outes a Dumbría. Tramo 1R: INT D.P: 3404 a INT AC-199 (DUMBRÍA).

-Terminación de mellora da seguridade viaria, D.P. 3802 de Ordes a Pontecarreira PK 0+560 ao PK 2+140 (Ordes).

-Ampliación e mellora da seguridade viaria na D.P. 2205 San André de Teixido á Pedra P.K. 0+000 a 1+560 (Cedeira).

E solicitar á Xunta de Galicia de declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a realización das citadas obras.

20.-Aprobación inicial do Plan de travesías 2009, 3ª fase integrado polos proxectos:

-Travesía na D.P. 5903 Ordes a Portomouro por Pontechonia remodelación e supresión das barreiras (Ordes).

-Mellora da seguridade viaria DP 0604 PK 11+750 a PK 12+910 (Arzúa).

-Acondicionamento da DP 1202 de Trobe á intersección coa N-525 entre os PK 4+180 a 4+420 (Boqueixón).

-Mellora da seguridade viaria na DP 7401 Urdilde a Antequera entre os PK 0+000 ao 0+302 carreiro peonil de Urdilde (Rois).

21.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2009, quinta fase, integrado polo proxecto “Seguridade viaria na DP 3006 acceso á Zapateira do PK 1+960 ao 2+740 marxe esquerda”.

Economía, Facenda e Especial de Contas

22.-Proxecto Dorna. (Desenvolvemento organizado e sostíbel de recursos no noroeste atlántico).

23.-Convenio coa Fundación Taller de Solidariedade, para o financiamento dun proxecto de cooperación internacional ao desenvolvemento na República Democrática do Congo.

24.-Modificación da Base 48ª das de execución do Orzamento provincial do exercicio 2009 referida ás subvencións nominativas.

25.-Informe sobre a fiscalización posterior feita aos recursos propios e doutros entes públicos correspondente ao exercicio 2008.

26.-Actas de comprobación dos estados de situación a 31 de decembro de 2008 e das operacións realizadas durante o exercicio 2008 nas zonas de recadación.

27.-Proposta da prestación aos concellos da provincia do servizo de instrución dos expedientes por sancións municipais de tráfico.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

28.-Aprobación do convenio co Concello de Boiro para promover o investimento en promocións turísticas.

29.-Modificación do convenio de colaboración co Concello de Santiago de Compostela, sobre o financiamento dos gastos, derivados do incremento do cadro de persoal do parque de bombeiros de Santiago.

30.-Aprobación da achega provincial á 1ª fase do Plan de axuda aos concellos “Plan de renovación e mellora do comercio galego”.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 29 DE MAIO DE 2009

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 29 de maio de 2009, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JOSÉ ANTONIO BAAMONDE LÓPEZ	PP
DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DOÑA CARMEN BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DONA ESTHER GONZÁLEZ VÁZQUEZ	PP
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO H. RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DOÑA SILVIA SEIXAS NAIÁ	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE

DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	

Non asisten os Sres. García-Borregón Millán e Pequeño Castro.

Actúa como secretaria accidental, dona M^a Amparo C. Taboada Gil, oficial maior da Corporación e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, a Sra. Secretaria accidental le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-TOMA DE POSESIÓN DA DEPUTADA DO PP DONA ESTHER GONZÁLEZ VÁZQUEZ.

Sra. secretaria accidental

O pasado 8 de maio recibíuse na Secretaría Xeral da Deputación unha credencial expedida polo presidente da Xunta Electoral Central na que se acredita que foi designada deputada provincial, dona M^a Esther González Vázquez, en substitución, por renuncia, de dona Pilar Farjas Abadía, por figurar como suplente na listaxe de candidatos presentada polo Partido Popular ás eleccións locais do 27 de maio de 2007.

Doutra banda, dona M^a Esther González Vázquez cumpriu co disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que sinala que todos os membros das Corporacións locais formularán, antes da toma de posesión, declaración sobre causa de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou lles poida proporcionar ingresos económicos e formularán, así mesmo, declaración dos seus bens patrimoniais.

A Sra. González Vázquez entra no salón de sesións e toma posesión do seu cargo, xura o desempeño deste lendo a fórmula, impónselle seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputada provincial.

Sr. presidente

Imos continuar co Pleno, coa orde do día que xa coñecen, e quero pedirlle desculpas aos Sres. e Sras. deputados por presidir con estas gafas, non é un acto de descortesía, acaban de operarme o ollo dereito e teño algunha molestia, así que desculpen vostedes.

2.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 4/09, DO 24 DE ABRIL.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 4/09, do 24 de abril.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 6.501 Á Nº 8.700, DE 2009.

A Corporación toma coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 6.501 á nº 8700, de 2009.

4.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A RENUNCIA AO CARGO DO DEPUTADO PROVINCIAL DON RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN.

Por unanimidade, apróbase a seguinte proposición da Presidencia:

”1.- Tomar coñecemento da renuncia presentada ao seu cargo polo deputado provincial don Ricardo García-Borregón Millán.

2.- Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.- Poñer en coñecemento da Administración electoral a vacante existente, para os efectos de substitución disposta no artigo 208 da Lei 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.”

5.-APROBACIÓN DA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2009 DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008/2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os proxectos e demais documentación presentados polos concellos da provincia destinatarios do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, cuxas bases reguladoras foron aprobadas mediante acordo plenario do 30 de maio de 2008 e publicadas no BOP nº 128 do 5 de xuño do 2008,

1.- Aprobar a 2ª fase da anualidade 2009 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 cuxas cifras globais do financiamento son as que se indican a continuación, e cuxa relación de obras figura no anexo I a este acordo:

Nº de obras	11
Nº de Concellos	10

FINANCIAMENTO	
Achega municipal	132.048,11
Achega deputación	1.883.914,26
Total	2.015.962,37

- 2.- Aprobar os correspondentes proxectos.
- 3.- A contratación e execución das obras realizarana os concellos de acordo coas instrucións que figuran nas bases 7, 8 e 9 das reguladoras do plan.
- 4.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.
- 5.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei de administración local de Galicia.
- 6.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan.”

PCC- PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2008/2011

2ª Fase da anualidade 2009

Anexo 1: Obras da 2ª fase anualidade 2009 do Plan de Cooperación Provincial (PCC) 2008/2011

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
ABEGONDO	09. 3300. 0093. 0	ABASTECIMENTO AUGA A MONTOUTO	116.959,15	12.995,46	129.954,61
			116.959,15	12.995,46	129.954,61
CABANA	09. 3300. 0094. 0	AMPL.REDE SAN.ABAST. AUGA CESULLAS	165.551,73	18.403,68	183.955,41
			165.551,73	18.403,68	183.955,41
CARNOTA	09. 3300. 0095. 0	AMPL.REDE SAN. LIRA. TRAMO AGRO VELLO	90.000,00	10.000,00	100.000,00
			90.000,00	10.000,00	100.000,00
CURTIS	09. 3300. 0096. 0	ABAST. E SAN. EN CURTIS, CENCASAS E OUTROS	115.213,61	6.977,22	122.190,83
	09. 3300. 0097. 0	ABAST. E SAN. NAS MINGUEIRAS, GODULFES E O.	115.213,61	14.005,41	129.219,02
			230.427,22	20.982,63	251.409,85
IRIXOA	09. 3300. 0098. 0	ABAST. AUGA EN AMBROA E A VIÑA	294.141,48	15.481,14	309.622,62
			294.141,48	15.481,14	309.622,62
LOUSAME	09. 3300. 0099. 0	SANEAMENTO EN CERQUIDES E CASTRO	92.865,79	7.134,21	100.000,00
			92.865,79	7.134,21	100.000,00
OZA DOS RIOS	09. 3300. 0100. 0	MELLORA REDE MUNICIPAL AUGAS EN OZA	189.998,31	9.999,91	199.998,22
			189.998,31	9.999,91	199.998,22
SANTISO	09. 3300. 0101. 0	SANEAMENTO EN MOURAZOS	96.302,06	5.068,53	101.370,59
			96.302,06	5.068,53	101.370,59
VAL DO DUBRA	09. 3300. 0102. 0	CAPTACIÓN E DEPOSITO EN RIAL E OUTRO	498.078,94	26.214,68	524.293,62
			498.078,94	26.214,68	524.293,62
VILARMAIOR	09. 3300. 0103. 0	AMPL. REDE ABAST. TORRES-DOROÑA-LIÑARES	109.589,58	5.767,87	115.357,45
			109.589,58	5.767,87	115.357,45
		TOTAL ACUMULADO	1.883.914,26	132.048,11	2.015.962,37
		NÚMERO DE CONCELLOS	10		
		NÚMERO DE OBRAS	11		

6.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “EP 0514 ARTEIXO-CAIÓN 8,65-10,25- EP 3003 0,36-0,83” DO CONCELLO DE ARTEIXO, INCLUÍDA NO PROGRAMA DE REDE VIARIA LOCAL ADICIONAL 3/2008. CÓDIGO: 08.2403.0511.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o proxecto reformado da obra "EP 0514 Arteixo-Caión 8,65-10,25 -EP 3003 0,36-0,83" do Concello de Arteixo, incluída no Programa de rede viaria local adicional 3/2008. Código: 08.2403.0511.0, que foi presentado polo director das obras, e que representa un incremento no seu orzamento de contrata.

1º.- Aprobar, por un importe total de 170.596,30 €, o proxecto reformado da obra "EP 0514 Arteixo-Caión 8,65-10,25 -EP 3003 0,36-0,83" do Concello de Arteixo, incluída no Programa da rede viaria local adicional 3/2008, código: 08.2403.0511.0, que foi aprobada mediante Resolución da Presidencia do 28 de novembro de 2008.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do seu financiamento debido ao incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que representa a cantidade de 24.026,82 € a prezos de contrata, sendo o incremento de 17.539,53 € a prezos de adxudicación, (código: 08.2403.0511.1). O incremento finánciao integramente a Deputación con cargo á partida 0501/511E/60101 do presuposto provincial vixente que corresponde á rede viaria local, e na que existe saldo suficiente para financiar o incremento experimentado polo proxecto reformado.

Así, os datos de financiamento total da obra quedan como segue:

EP 0514 Arteixo-Caión 8,65-10,25-EP 3003 0,36-0,83			
	Proxecto inicial	Proxecto reformado	Diferenza
	08.2403.0511.0		08.2403.0511.1
Deputación F. Propios	146.569,48	170.596,3	24.026,82
Estado	0	0	0
TOTAL	146.569,48	170.596,3	24.026,82

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta nos arts. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

5º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, poderanse proseguir as actuacións.”

7.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “TRAVESÍA BESADA-APEADOIRO MX. ESQDA.” DO CONCELLO DE MIÑO, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2008. CÓDIGO: 08.2100.0180.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Travesía Besada-Apeadoiro mx. esqda." (código:08.2100. 0180.0) do Concello de Miño, incluída no POS 2008, cun orzamento de contrata de 203.337,95 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica unha variación interna de partidas orzamentarias superior ao 30%.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u> <u>F.propios</u>	<u>Deputación</u> <u>Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento</u> <u>Total</u>
08.2100.0180.0	Miño	Travesía Besada-Apeadoiro mx. esqda.	85.830,23	59.084,55	24.576,19	33.846,98	203.337,95

8.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SANEAMENTO PONTENOVA-A GAREA” DO CONCELLO DE AMES, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2008. CÓDIGO: 08.2100.0006.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Saneamento Pontenova-A Garea" (código:08.2100.0006.0) do Concello de Ames, incluída no POS 2008, cun orzamento de contrata de 155.885,73 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado inicial previsto no proxecto orixinal.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u> <u>F. Propios</u>	<u>Deputación</u> <u>Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento</u> <u>Total</u>
08.2100.0006.0	Ames	Saneamento Pontenova-A Garea	65.430,65	45.041,72	18.735,08	26.678,28	155.885,73

9.-APROBACIÓN DOS PROXECTOS REFORMADOS DAS OBRAS “AF. ACD. PISTA MAZAS-QUINTAS”, CÓDIGO: 07.3100.0251.0, E “AF. ACD. PISTA VEIGA BREA-IGREXA LUOU”, CÓDIGO: 07.3100.0252.0, DO CONCELLO DE TEO, INCLUÍDAS NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Visto os proxectos reformados das obras "Af. acd. pista Mazas-Quintas", código: 07.3100.0251.0, e "Af. acd. pista Veiga Brea-Igrexa Luou", código: 07.3100.0251.0, do Concello de Teo, incluídas no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007 que foron presentados polo Concello de Teo e que representan unha minoración no seus presupostos de contrata.

1º.- Aprobar o proxecto reformado da obra "Af. acd. pista Mazas-Quintas", do Concello de Teo, incluída no Plan de cooperación provincial 2007 (Código: 07.3100.0251.0), que foi aprobado mediante acordo plenario adoptado o 24 de maio de 2007 cun presuposto de 49.838,70 € sobre presuposto de contrata e 37.384,00 € sobre presuposto de adxudicación, e que supón unha diminución, en relación co presuposto inicialmente aprobado, por importe de 5.530,27 € sobre presuposto de contrata e 4.148,26 € sobre presuposto de adxudicación.

"Af. acd. pista Mazas-Quintas" Concello de Teo			
(Código 07.3100.0251.0)	Presuposto proxecto inicial a prezos de contrata	Presuposto reformado a prezos de contrata	Diferenza
Deputación f.p.	55.368,97	49.838,70	-5.530,27
TOTAL	55.368,97	49.838,70	-5.530,27

2º.- Aprobar o proxecto reformado da obra "Af. acd. pista Veiga Brea-Igrexa Luou", do Concello de Teo, incluída no Plan de cooperación provincial 2007 (Código: 07.3100.0252.0) que foi aprobado mediante acordo plenario adoptado o 24 de maio de 2007 cun presuposto de 41.465,00 € sobre presuposto de contrata e de 31.500,96 € sobre presuposto de adxudicación, e que supón unha diminución, en relación co presuposto inicialmente aprobado, por importe de 4.019,08 € sobre presuposto de contrata e de 3.053,29 € sobre presuposto de adxudicación.

"Af. acd. pista Veiga Brea-Igrexa Luou" Concello de Teo			
(Código 07.3100.0252.0)	Presuposto proxecto inicial a prezos de contrata	Presuposto reformado a prezos de contrata	Diferenza
Deputación f.p.	45.484,08	41.465,00	-4.019,08
TOTAL	45.484,08	41.465,00	-4.019,08

3º.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP a efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderanse proseguir as actuacións."

10.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "SANEAMENTO EN CERVO" DO CONCELLO DE CEDEIRA, INCLUÍDA

NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2009. CÓDIGO: 09.2100.0073.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aprobar a modificación do proxecto da obra "Saneamento en Cervo" do Concello de Cedeira, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2009, código: 09.2100.0073.0, que non representa variación no seu orzamento total nin cambia o seu obxecto, pero implica unha alteración do contido do proxecto ao modificar o lugar de situación da EDAR inicialmente previsto."

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u> <u>n</u> <u>F. Propios</u>	<u>Deputación</u> <u>Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzament</u> <u>o</u> <u>Total</u>
09.2100.0073.0	Cedeira	Saneamento en Cervo	39.719,58	27.881,47	11.742,91	4.176,04	83.520,00

11.- FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE MESÍA PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE INSTALACIÓN NO TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE VISANTOÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio, atendendo ó obxecto e finalidade da actividade a realizar:

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial e o Concello de Mesía para financiar as obras incluídas no proxecto de instalación terreo de xogo de herba artificial no campo de fútbol municipal de Visantoña, cunha achega da Deputación provincial de 158.000,00 euros, o que supón unha porcentaxe de financiamento do 82,96 %, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 0202/432E/762.01”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESIA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE INSTALACIÓN NO TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE VISANTOÑA

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña,
Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte, o Sr. Mariano Iglesias Castro , alcalde-presidente do Concello de Mesía.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Mesía, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mesía para o financiamento da obra **PROXECTO DE INSTALACION NO TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE VISANTOÑA**, tal como aparece definida esta no proxecto redactado por Julio C. Rojo Martínez, (Enxeñeiro de Camiños col. Nº 3871).

O Concello de Mesía, na súa condición de promotor da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:	296905,60 euros
GASTOS XERAIS :	38597,73 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL:	17814,34 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO:	56530,83 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:	409848,50 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 340000,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 82,96%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación

de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/432E/762.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere, en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Mesía o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Mesía axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, e conforme aos pregos tipo aprobados pola Deputación Provincial da Coruña

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Mesía estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada o Concello de Mesía a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o Concello de Mesía deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación do acordo de aprobación da certificación de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Orixinal ou copia compulsada da certificación de obra e da factura.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Mesía deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Mesía para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Mesía da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Mesía na documentación aportada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Mesía terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Mesía deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Mesía destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Mesía poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Mesía queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54^a das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Mesía serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Mesía será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia durante o prazo dun ano contado a partir da sinatura do presente convenio.

2. Previa solicitude do Concello de Mesía, realizada, polo menos, dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes, e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Mesía, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia de data de dous mil oito. E en proba de conformidade, asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESIA
Salvador Fernández Moreda	Mariano Iglesias Castro

12.- FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS E DE PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA FINANCIAR OS GASTOS DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DA ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA NOS DEPARTAMENTOS DE URBANISMO DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN (PARA O CURSO ACADÉMICO 2008/09 E 2009/10).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio, atendendo ao obxecto e finalidade da actividade a realizar:

Aprobar a formalización dun convenio de colaboración entre a Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela e o Ilustre Colexio de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela e a Deputación provincial para financiar os gastos da realización de prácticas de alumnos da Escola de Práctica Xurídica nos departamentos de Urbanismo dos concellos da provincia da Coruña e de adquisición de material necesario para a súa execución (para o curso académico 2008/09 e 2009/10), cunha achega da Deputación provincial de 96.000,00 euros, o que supón unha porcentaxe de financiamento do 100%, que se financiará:

- 9.000 euros (4.500 euros para a anualidade de 2009 e 4.500 euros para a anualidade de 2010) con cargo á aplicación orzamentaria 0202/451F/789/01
- 87.000 euros (43.500 euros para a anualidade de 2009 e 43.500 euros para a anualidade de 2010) con cargo á aplicación orzamentaria 0202/451F/489.01”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DOS ILUSTRES COLEXIOS DE AVOGADOS E DE PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA FINANCIAR OS GASTOS DA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DA ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA NOS DEPARTAMENTOS DE URBANISMO DOS CONCELLOS DA PROVINCIA

DA CORUÑA E DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN (para o curso académico 2008/09 e 2009/10)

A Coruña, a _____ de 2009.

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Senén Barro Ameneiro, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela e representante legal desta segundo o establecido no artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e no artigo 87 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro da Xunta de Galicia); e o Excmo. Sr D. Evaristo Nogueira Pol, decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, facultado polo artigo 48.2º do Estatuto Xeral da Avogacía Española (RD 658/2001, do 22 de xuño). Ambos os dous actúan en calidade de presidentes do Consello Directivo da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao teor do disposto na cláusula sexta do convenio de colaboración asinado entre ambas institucións o 29 de novembro de 1994.

Doutra parte, o Excmo. Sr. D Jesús Salvador Fernández Moreda, presidente da Excm. Deputación da Coruña, actuando no exercicio das competencias atribuídas, pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e polo texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

Todas as partes recoñécense capacidade para asinar o presente convenio de colaboración e para tal efecto.

MANIFESTAN:

PRIMEIRO.- A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela foi creada pola universidade en colaboración cos Ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores de Santiago de Compostela, como o centro de especialización profesional a través do cal estas institucións lles ofrecen aos licenciados en Dereito, a formación práctica necesaria no ámbito do dereito público e do dereito privado, para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral propio das profesións xurídicas e, máis en particular, cara ao exercicio da avogacía e da procuradoría, ademais de colaborar nos labores de actualización de coñecementos dos profesionais en exercicio (formación continua) e dos alumnos da licenciatura en Dereito (practicum).

Un xeito de realizar estas prácticas é o coñecemento dos problemas mediante supostos concretos e reais que se poidan presentar na actuación ordinaria das persoas físicas e xurídicas.

SEGUNDO.- A Deputación da Coruña é consciente de que os concellos da provincia, dentro da ampliación dos seus servizos á comunidade e concretamente na área de Urbanismo, veñen precisando a colaboración de licenciados en Dereito que realicen labores de asesoramento en diversas materias relativas ao desenvolvemento da súa actividade ordinaria.

TERCEIRO.- Consideran as partes asinantes de gran importancia, poñer en execución un plan conxunto que permita proporcionar práctica xurídica nas diversas ramas do Dereito aos alumnos da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, á vez que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos dos concellos da provincia da Coruña.

CUARTO.- Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos un modelo de desenvolvemento baseado na colaboración cos municipios, no que as políticas que se van desenvolver han de estar loxicamente ligadas a eles. Deben ser os concellos os que lles ofrezan servizos públicos que proporcionen un maior benestar e unha mellor calidade de vida aos seus veciños. Son pois, os concellos a administración máis próxima ao cidadán, os que han de dar resposta en primeira instancia ás súas necesidades. É por isto que o esforzo da Deputación debe estar destinado a apoiar e colaborar cos concellos, sobre todo nun tema tan importante como é o urbanismo.

Que o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas axeitarán a súa actuación aos seguintes principios: b) A colaboración, a cooperación e o auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Así mesmo o artigo 195 da mesma Lei 5/1997 sinala que a colaboración e a cooperación poderán realizarse mediante: h) A subscrición de convenios.

QUINTO.- Mediante este acordo, a Deputación de A Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscrición do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo aos seus alumnos, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos da Escola e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os departamentos de Urbanismo dos concellos.

En consecuencia co anteriormente exposto, ambas partes formalizan o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes para a execución dun plan conxunto, que permita proporcionar práctica xurídica e especialización profesional en Urbanismo e Administración local aos alumnos da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, á vez que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos dos concellos da provincia da Coruña, reforzando unha das carencias postas de manifesto polos concellos e colaborando a un cambio cara a un urbanismo de calidade, no que a formación é prioritaria.

SEGUNDA.- DESIGNACIÓN DE ALUMNOS

A Escola de Práctica Xurídica, designará aos alumnos máis idóneos para a realización das prácticas no seo das Concellerías de Urbanismo dos concellos cos que subscriba o correspondente convenio. A designación efectuarase de acordo cos criterios de distribución acordados previamente entre ambas partes, e deberá contar coa conformidade do representante da institución receptora.

O labor realizado polos alumnos non terá en ningún caso carácter vinculante para a institución que os acolle.

Os concellos poderán utilizar todo o material, estudos, análises, etc. que sexan realizados polos alumnos ao longo da experiencia profesional.

TERCEIRA.- COORDINACIÓN

Para levar adiante a posta en práctica deste convenio, a dirección do traballo, o seguimento e asesoramento do alumnado, coordinar a distribución dos alumnos nas dependencias das Concellerías de Urbanismo dos concellos e lograr a súa mellor estancia e o correcto aproveitamento deste plan, por parte da Escola de Práctica Xurídica actuarán como coordinadores o seu director e a profesional, D^a María Dolores Méndez Torres. Así mesmo, por parte da Deputación actuará como coordinador o xefe do servizo de Patrimonio e Contratación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández.

CUARTA.- DESENVOLVEMENTO

O número de alumnos que as Concellerías de Urbanismo dos concellos admitan anualmente para a consecución dos obxectivos previstos neste convenio, así como a duración do período de prácticas a realizar polos alumnos nos correspondentes servizos dependentes dos concellos, o horario no que se efectuarán estas e o labor concreto que desenvolverán, estableceranas de mutuo acordo as partes asinantes.

A Escola de Práctica Xurídica, remitiralle á Deputación da Coruña, un exemplar dos convenios que, á súa vez asine cos concellos da provincia da Coruña, para a posta en marcha desta actividade.

Rematado o período de prácticas, os concellos expedirán un certificado acreditativo do grao de cumprimento das obrigas e traballos encargados aos alumnos. Este certificado será tido en conta á hora de obter o título correspondente que expida a Escola de Práctica Xurídica.

QUINTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A Deputación da Coruña financiará anualmente as prácticas nos servizos de Urbanismo dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscrición do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo aos seus alumnos, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos da Escola e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os departamentos de Urbanismo dos concellos, reforzando así unha das carencias nos seus servizos postas de manifesto polos concellos.

A Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo dos concellos da provincia da Coruña dun máximo de vinte alumnos da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, establecéndose un importe a cobrar por cada alumno en concepto de indemnización polos gastos de desprazamentos e manutención de 180 € ao mes (indemnización que poderá distribuír a Dirección da Escola de xeito que cada alumno cobre un mínimo de 140 € ao mes, máis unha cantidade variable en función da quilometraxe), exceptuando o período entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Estas cantidades seranlles pagadas aos alumnos pola Escola de Práctica Xurídica, unha vez sexa ingresado o seu importe na Escola de Práctica Xurídica. A Deputación aboará o dito importe con carácter trimestral á Escola de Práctica Xurídica na súa parte proporcional, previa xustificación da actividade realizada. A achega realizarase polo número real de alumnos que realicen as prácticas no período correspondente.

Excepcionalmente, cando o titor designado por un concello e a Dirección da Escola consideren máis conveniente para un mellor aproveitamento das prácticas proceder á súa concentración nun período de tempo inferior ao ordinario de dez meses/ano, poderase acordar realizalas nun período mínimo de tres meses. En tal caso, debe garantirse que o número de horas totais a realizar polo alumno non será inferior ás que faría de seguirse o sistema ordinario. As cantidades establecidas en concepto de indemnización para cobrar polo alumno durante o período ordinario, satisfaranse, na súa totalidade, ao rematar o período excepcional.

Así mesmo, establécese a cantidade de 400 € ao mes, exceptuando o período comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro, por non ser lectivo na Escola de Práctica Xurídica, como contribución aos gastos de coordinación que xerará a posta en funcionamento e mantemento da actividade obxecto do convenio. O dito importe aboarállo a Deputación á Escola de Práctica Xurídica con carácter trimestral e previa xustificación da actividade realizada.

A Deputación financiará igualmente cunha cantidade de 4.500 € ao ano, a adquisición do material necesario para desenvolver a actividade, tal como bibliografía, fotocopias, material informático e audiovisual, mobiliario, acondicionamentos menores das súas instalacións, etc.). E cunha cantidade de 3.500 € ao ano financiará unha parte do custos da formación dos alumnos na materia urbanística que levará a cabo a Escola.

A Deputación, previa certificación emitida pola Secretaría da Escola, ingresará trimestralmente as cantidades correspondentes na conta previamente designada para o efecto pola Escola de Práctica Xurídica.

Os alumnos terán un seguro médico e de accidentes que será a cargo da Escola de Práctica Xurídica e que cubrirá estas contingencias.

A Escola de Práctica Xurídica Santiago de Compostela comprométese, de ser necesario, a designar a profesionais colaboradores desta para os labores de dirección, seguimento e asesoramento do alumnado co obxecto de facer posible o correcto desenvolvemento das tarefas adscritas a este convenio.

O nomeamento de alumno en prácticas non establece ningunha relación laboral ou funcional coa Universidade de Santiago nin coa Deputación da Coruña ou cos concellos, e non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación dos seus beneficiarios ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela nin dos concellos e a Deputación da Coruña.

A Escola de Práctica Xurídica comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

SEXTA.- OTRAS OBRIGAS

Previamente á realización do pagamento, a Escola de Práctica Xurídica deberá presentar a certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social.

En ningún caso será posible a concorrencia desta axuda con outras xa que se financia o 100% do custo efectivamente realizado.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Crearase unha comisión mixta con funcións de seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, que asumirá, ademais, as funcións de coordinación entre as administracións e institucións asinantes, así como a función interpretadora do citado convenio resolvendo cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

Esta Comisión estará integrada por parte da Deputación da Coruña polo supervisor nomeado para o seguimento das actuacións; por parte dos concellos, polo representante que, no seu caso designen, e por parte da Escola de Práctica Xurídica, polo seu director e polo profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade .

Así mesmo, as partes comprométese a resolver amigablemente as diferenzas que puidesen xurdir, a través desta Comisión de Seguimento.

A título enunciativo, esta Comisión terá como funcións facer o seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, exercitando as funcións de coordinación entre as administracións e institucións asinantes, así como interpretar o convenio e resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

OITAVA.- RESPONSABILIDADE

O alumno non asumirá nunca directamente a responsabilidade dos labores que realice, senón que deberá actuar sempre baixo a supervisión do persoal designado polo concello e de ser preciso, polos profesionais colaboradores da Escola de Práctica Xurídica que esta designe.

O feito de que o alumnado realice o seu labor nos concellos, non suporá ningún tipo de responsabilidade para os concellos, nin para a Deputación da Coruña.

NOVENA.- ORZAMENTO

A Deputación da Coruña comprométese ao financiamento do orzamento da actividade que ascende a un total de 48.000€ ao ano cunha vixencia de dous anos, polo que ascende o importe global do convenio a 96.000€. (o que representa un coeficiente de financiamento do 100%). De acordo con seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE	EX 2009	APLICACION EX 2009	EX 2010	APLICACION EX 2010
Desprazamentos, manutención, etc. 180 €/mes x 20 alumnos x 10 meses/ano	72.000	36.000	0202/451F/489.01	36.000	0202/451F/489.01
Parte dos custos de formación dos alumnos en materia urbanística e administrativa	7.000	3.500	0202/451F/489.01	3.500	0202/451F/489.01
Coordinación 400 €/mes x 10 meses/ano	8.000	4.000	0202/451F/489.01	4.000	0202/451F/489.01
Adquisición do material necesario para o desenvolvemento da actividade	9.000	4.500	0202/451F/78901	4.500	0202/451F/78901

O total do importe a aboar non excederá da cantidade sinalada anteriormente, aínda no caso de que os gastos non financiados fosen superiores aos orzados.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña.

DÉCIMA.- VIXENCIA

O prazo de vixencia do presente convenio é de dous anos contados dende a data da súa sinatura .

De ser necesario para ambas partes, poderase ampliar o número de alumnos a realizar prácticas nos concellos, para o que se tramitará a correspondente modificación e ampliación do orzamento do presente convenio.

Tamén se poderá extinguir a vixencia do convenio polo mutuo acordo das administracións intervinientes, así como por decisión unilateral dalgunha delas cando se produza pola outra un incumprimento grave acreditado das obrigacións asumidas.

UNDÉCIMA.- CUMPRIMENTO DO CONVENIO

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución.

Este convenio ten carácter administrativo, e as cuestións que poidan xurdir en relación con el serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión celebrada o día de dous mil nove.

En proba de conformidade, ambas partes asinan por exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data sinalados ao inicio.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL O
DA CORUÑA

Salvador Fernández Moreda

13.- FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA A CESIÓN DE USO DE LOCAIS NO COLEXIO A MILAGROSA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio, atendendo ao obxecto e finalidade da actividade a realizar:

1º) Aprobar a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para a cesión de uso de local no Colexio A Milagrosa, cuxo texto figura

como anexo. Os ditos locais destinaranse á realización de cursos de formación para a mellora da capacitación laboral de persoas con discapacidade e a impartición de diferentes plans e actuacións de inserción profesional, social e laboral.

2º) Facultar ao presidente para a execución do presente acordo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA A CESIÓN DE USO DE LOCAIS NO COLEXIO A MILAGROSA

A Coruña, de dous mil nove, no pazo provincial, sede da Deputación da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o Ilmo. Sr. don Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E

Doutra, don Anxo Queiruga Vila, presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), con DNI 76778938Q

EXPOÑEN

1º. A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como finalidade coordinar e promover a defensa dos intereses das persoas con discapacidade, co fin de conseguir a máxima atención social á problemática que representan.

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, co número F-01786. Así mesmo, en virtude da Orde INT/1769/2004, do 17 de maio, a citada entidade foi declarada de utilidade pública (BOE nº 142, do 12 de xuño de 2004)

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) ten por obxecto (artigo 4 dos Estatutos):

- Fomentar a unión das persoas con discapacidade, facilitándolles os medios para conseguir a súa dignificación e respecto.
- Intercambio, orientación e exposición de todo canto afecte á problemática das persoas con discapacidade co fin de conseguir a máxima atención social.
- Promover iniciativas de capacitación laboral para as persoas con discapacidade, axustadas a un marco laboral normalizado, mediante a celebración, concertada ou non, con outras entidades, de cursos de capacitación laboral.

- Participar, promover e crear iniciativas empresariais que primen a inserción laboral das persoas con discapacidade, en postos de traballo adaptados ás súas capacidades e en condicións de igualdade de deberes e dereitos cos demais traballadores, conforme á lexislación vixente.
- A Confederación ten como fins a promoción, participación e posta en marcha de todas aquelas actividades de carácter cultural que faciliten, directa ou indirectamente, a inserción social das persoas con discapacidade, así como todo tipo de iniciativas deportivas.
- O fomento para a unidade das persoas con minusvalía mediante o asesoramento na constitución de asociacións, federacións, etc...., así como reunir no seu seo a todas as organizacións que persigan os seus mesmos fins.
- O establecemento de servizos propios de asesoramento, de asistencia social, xurídica e lexislativa, así como os que sexan necesarios para o bo desenvolvemento da Confederación.

2º. A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) ten previsto realizar as seguintes actuacións:

- Cursos de formación para a mellora da capacitación laboral de persoas con discapacidade. Prioritariamente, irán dirixidos a aquelas persoas que por accesibilidade, capacidade de aprendizaxe, axudas técnicas ou outras condicións relacionadas coa súa problemática teñen limitado o seu acceso ou dificultades de aproveitamento dos cursos de formación normalizados existentes.
- Impartiranse diferentes especialidades do Plan de inserción profesional (Plan FIP) da Xunta de Galicia, así como outros cursos similares dirixidos á mellora da inserción laboral de persoas con discapacidade (tanto para desempregados como para ocupados)
- Estes cursos serán complementados por unha oficina do Servizo de Orientación Laboral (centro colaborador do Servizo Galego de Colocación), na que se traballará, tanto na motivación da persoa con discapacidade, como na súa formación para a busca de emprego, así como na captación de ofertas de traballo a través de contactos periódicos con aquelas empresas susceptibles de empregar a persoas con discapacidade demandantes de emprego.
- Así mesmo, contéplase a posta en marcha de talleres prelaborais para posibilitar o acceso ao emprego daquelas persoas con maiores dificultades de inserción, así como servizos complementarios de rehabilitación, respiro familiar, voluntariado,..., que contribúan á inserción social e laboral do devandito colectivo.

3º. A Deputación reconece a importancia dos citados fins para os intereses provinciais e considera oportuno contribuír á súa consecución mediante a cesión de uso de locais do Colexio A Milagrosa.

Por todo o exposto, acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

A Deputación Provincial da Coruña autoriza a cesión de uso do local cunha superficie de 560,70 m² que se detalla no plano que se acompaña como anexo, no Colexio A Milagrosa para situar unha oficina do Servizo de Orientación Laboral, con carácter gratuíto e en precario.

Segunda.- Obrigas do cesionario

1. Os espazos cuxos usos se autorizan utilizaraos a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) exclusivamente para as fins indicadas. Para estes efectos, comunicarase coa suficiente antelación á Sección de Servizos Sociais da Deputación o programa de desenvolvemento dos cursos e demais actividades que se realicen.
2. En todos os actos que celebre a Confederación Galega de Minusválidos ou que se realicen no inmovible cuxa cesión de uso se autoriza, farase constar a colaboración de ambas institucións.
3. A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) remitiralle ao Servizo de Patrimonio e Contratación, con carácter anual, unha breve memoria das actividades realizadas nos locais cedidos.
4. A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), dentro do prazo máximo de seis meses, contado desde a entrega do inmovible, deberá iniciar as actividades para as que autoriza a cesión de uso.
5. A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) deberá dotarse dos medios persoais e materiais máis axeitados para cumprir cos fins da cesión de uso, e cumprir a normativa laboral e de prevención de riscos laborais e demais disposicións de aplicación.
6. A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) comprométese a manter axeitadamente os espazos que utilice, non poderá realizar obras sen a autorización da Deputación.
7. Entrementres estea vixente a autorización de uso dos locais, os gastos de teléfono, gas, auga e enerxía eléctrica e aqueloutros que deriven do uso dos locais correrán a cargo da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), que deberá instalar os correspondentes contadores individuais.
8. O Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros servizos técnicos da Deputación (Servizos Sociais, Arquitectura, Enxeñería e Mantemento, etc) poderá

inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

9. A Deputación, en calquera momento e en función das necesidades para fins provinciais, poderá deixar sen efecto a autorización de cesión de uso cun aviso previo de seis meses sen dereito a ningunha indemnización.

10. A propiedade dos locais en cuestión seguirá sendo en todo momento desta Excma. Deputación provincial, sen que en ningunha forma a presente cesión de uso sexa causa habilitadora da adquisición da propiedade a favor da devandita entidade.

Terceira.- Prazo de cesión de uso

O prazo de cesión de uso dos bens será de cinco anos como moito, contado desde a entrega do inmovible por parte da Deputación. Non obstante, a Deputación en calquera momento e en función das súas necesidades poderá deixar sen efecto a autorización de uso, cun aviso previo de seis meses, e sen que por este motivo teña dereito a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) a ningunha indemnización, debendo devolver os bens en perfecto estado de conservación.

Este convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura e terá vixencia ata que transcorra o prazo de cesión de uso a que se refire a presente cláusula, ou ben ata que a Deputación deixe sen efecto a autorización de cesión de uso.

Cuarta.- Natureza xurídica

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver as cuestións litixiosas que en aplicación do presente convenio se susciten entre as partes.

E en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

14.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO DA PARCELA Nº 34 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN-ARTEIXO AO CONCELLO DE ARTEIXO PARA A CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar definitivamente o expediente de CESIÓN DE USO DA PARCELA Nº34 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN-ARTEIXO AO CONCELLO DE ARTEIXO PARA A CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS -PAVILLON MUNICIPAL

2º. As condicións de cesión de uso son:

1.- O prazo de cesión de uso do local será de trinta anos a contar dende a entrega deste por parte da Deputación, prorrogable antes da súa finalización por igual período. Transcorrido o devandito prazo o local cedido en uso reverterá no patrimonio da Deputación. A Deputación, en calquera momento e en función das necesidades para fins provinciais, poderá deixar sen efecto a autorización de cesión de uso cun preaviso de tres meses.

2. O obxecto da presente cesión da parcela 34 do Polígono Industrial de Sabón ao Concello de Arteixo para a construción de equipamentos deportivos -Pavillón Municipal-

3. A cesión de uso outórgase coa finalidade exclusiva de construción de equipamentos deportivos, que deberá estar finalizada e en uso no prazo de cinco anos dende a entrega da posesión, transcorridos os cales sen iniciarse a actividade reverterá a parcela a esta Excelentísima Deputación para o cal será suficiente a acta notarial expresiva de que o Concello de Arteixo, a requirimento notarial, non puido xustificar o efectivo funcionamento das instalacións deportivas.

4. O pagamento de taxas, contribucións, impostos e demais tributos que se perciban da cesión ou utilización da parcela serán por conta do Concello de Arteixo.

5. O Concello de Arteixo asumirá todos os custos de conservación e mantemento. A propiedade da parcela en cuestión seguirá sendo en todo momento da Excelentísima Deputación provincial, sen que en ningunha forma a presente cesión de uso sexa causa habilitadora da adquisición da propiedade a favor do Concello de Arteixo.

6. A Deputación resérvase o dereito de uso dos bens durante 15 días ao ano para realizar aquelas actividades que considere necesarias

3º. Facultar ao presidente para a execución do presente acordo e, se é o caso, para a sinatura dos convenios ou documentos que requiran a súa aplicación efectiva.”

15.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DO CAMBIO DE CUALIFICACIÓN DA PARCELA Nº 39 DO POLÍGONO DE SABÓN E APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO AO CONCELLO DE ARTEIXO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Aprobar definitivamente o expediente de alteración do cambio de cualificación da parcela n.º 39 do Polígono Industrial de Sabón.

2. Aprobar inicialmente o expediente de cesión de uso ao Concello de Arteixo da parcela n.º 39 do Polígono Industrial de Sabón para a construción de módulo de atletismo e outros equipamentos para usos deportivos:

1.- Aprobación inicial do expediente de cesión de uso da parcela 39 do Polígono Industrial de Sabón ao Concello de Arteixo para a construción da construción de módulo de atletismo e outros equipamentos para usos deportivos.

O prazo de cesión de uso do local será de trinta anos a contar dende a entrega deste por parte da Deputación, prorrogable antes da súa finalización por igual período. Transcorrido o devandito prazo o local cedido en uso reverterá no patrimonio da Deputación.

A Deputación, en calquera momento e en función das necesidades para fins provinciais, poderá deixar sen efecto a autorización de cesión de uso cun preaviso de tres meses.

2.- O obxecto da presente cesión da parcela 39 do Polígono Industrial de Sabón ao Concello de Arteixo.

3.- A cesión de uso outórgase coa finalidade exclusiva da construción de módulo de atletismo e outros equipamentos para usos deportivos, que deberá estar finalizada e en uso no prazo de cinco anos dende a entrega da posesión, transcorridos os cales sen iniciarse a actividade reverterá a parcela nesta Excelentísima Deputación para o cal será suficiente a acta notarial expresiva de que o Concello de Arteixo, a requirimento notarial, non puido xustificar o efectivo funcionamento das instalacións deportivas.

4.- O pagamento de taxas, contribucións, impostos e demais tributos que se perciban da cesión ou utilización da parcela serán por conta do Concello de Arteixo.

5.- O Concello de Arteixo asumirá todos os custos de conservación e mantemento.

6.- Así mesmo, correrán por conta do Concello de Arteixo todos os impostos que afecten á parcela en tanto estea a ser utilizado por este.

A propiedade da parcela en cuestión seguirá sendo en todo momento desta Excelentísima Deputación provincial, sen que en ningunha forma a presente cesión de uso sexa causa habilitadora da adquisición da propiedade a favor do Concello de Arteixo.

3. Exponer ao público, mediante a súa publicación no BOP o citado expediente de cesión de uso durante un prazo de 15 días para os efectos de presentación de reclamacións. Transcorrido o prazo de exposición ao público, someterase de novo ao Pleno da Deputación para a súa aprobación definitiva.

4. Facultar ao presidente para a execución do presente acordo e, se é o caso, para a sinatura dos convenios ou documentos que requiran a súa aplicación efectiva.”

16.-MODIFICACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE

CRITERIOS DE VALORACIÓN E CONTRATACIÓN CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN: FACTOR PREZO, DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar a modificación da cláusula 15.2.3.2 dos Prego que haberán de rexer para a contratación, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, das obras comprendidas nos plans provinciais, que queda redactada do seguinte modo:

“Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que se encontren nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta é temeraria se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%

- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta temeraria se é inferior a outra en máis dun 13,33%

- Número de ofertas: 3. Serán ofertas temerarias aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da devandita media. Non obstante, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse temerarias todas as ofertas con baixas porcentuais superiores a 16,67

- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse temerarias aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da devandita media. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

1º.- Adecuada xustificación dos prezos ofertados, que como mínimo comprenderá unha explicación dos prezos dos materiais a pé de obra.

2º.- Volume de obra xa contratado, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.

3º.- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu equipo maior número de traballadores minusválidos (non inferior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 6ª da LCSP, e acordo do Pleno da Deputación do 25 de febreiro de 2000 (BOP número 63 do 17 de marzo de 2000). "

2) Aprobar a modificación da cláusula 15.3.2 do Prego que haberán de rexe para a contratación, mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración: factor prezo, das obras comprendidas nos plans provinciais, que queda redactada do seguinte modo:

Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que se encontren nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta é temeraria se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%

- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta temeraria se é inferior a outra en máis dun 13,33%

- Número de ofertas: 3. Serán ofertas temerarias aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da devandita media. Non obstante, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse temerarias todas as ofertas con baixas porcentuais superiores a 16,67

- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse temerarias aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da devandita media. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

1º.- Adecuada xustificación dos prezos ofertados, que como mínimo comprenderá unha explicación dos prezos dos materiais a pé de obra.

2º.- Volume de obra xa contratado, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.

3º.- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu equipo maior número de traballadores minusválidos (non inferior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 6ª da LCSP, e acordo do Pleno da Deputación do 25 de febreiro de 2000 (BOP número 63 do 17 de marzo de 2000). "

3) Esta modificación aplicarase aos procedementos licitatorios que se inicien a partir do 1 de xuño de 2009.

4) Publicar no Boletín Oficial da Provincia o texto refundido dos citados pregos, durante o prazo de 20 días, simultaneando a citada exposición das cláusulas 15.2.3.2 dos Pregos que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e cláusula 15.3.2 dos Pregos que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración: factor prezo, das obras comprendidas nos plans provinciais, coas licitacións que se produzan a partir da devandita data. "

17.-APROBACIÓN DA SEGUNDA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “REMODELACIÓN DO PARQUE DE ROSALÍA DE CASTRO” DO CONCELLO DE NOIA, INCLUÍDA NO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS (PIL) 2005. CÓDIGO 05.3200.0149.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a segunda modificación do proxecto técnico da obra “Remodelación do parque de Rosalía de Castro”, do Concello de Noia, incluída no Plan provincial de investimentos locais (PIL) 2005, código 05.3200.0149.0. O proxecto técnico inicial desta obra foi aprobado na sesión plenaria da deputación do día 22 de decembro de 2005, cun presuposto total de 238.809,20 euros e modificado en virtude do acordo plenario da Deputación do día 29 de marzo de 2007, polo mesmo importe. Esta segunda modificación do proxecto introduce algunhas variacións nas actuacións contidas no primeiro proxecto técnico modificado, pero que non representan unha modificación do orzamento da obra nin do orzamento do plan no seu conxunto, nin supón unha alteración substancial do contido do proxecto, nin varía a finalidade nin o seu obxecto.

			Orzamento		
Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
Noia	05.3200.0149.0	Remodelación do parque de Rosalía de Castro	236.267,33	2.541,87	238.809,20

18.-MODIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2008 1ª FASE 2ª RELACIÓN INTEGRADO POLO PROXECTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA E.P. 7304 DE XARAS A OLVEIRA, P.K. 1,64 A P.K. 3,99. RIBEIRA (0811300006.0).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Modificar o acordo de aprobación provisional DO PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA E.P. 7304 DE XARAS A OLVEIRA P.K. 1,64 A P.K.3,99 (0811300006.0) INCLUIDO NO PLAN DE TRAVESIAS 2008 PRIMEIRA FASE SEGUNDA RELACIÓN, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 27-6-2008 no senso:

ONDE DI:

“Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESIAS 2008 1ª FASE 2ª RELACION integrado polos proxectos que a continuación se relacionan, cun orzamento total de 1.460.391,40.- euros que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 0401/511f/60102, nº operación 220080012643 e que son os que a continuación se detallan:

DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA E.P. 7304 DE XARAS A OLVEIRA P.K. 1,64 A P.K.3,99 . RIBEIRA". (0811300006.0)	369.158,86
TOTAL	369158,86

....”

DEBE DICIR:

“Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESIAS 2008 1ª FASE 2ª RELACION integrado polo proxecto que a continuación se relaciona, cun orzamento total de 369158,86.- euros que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 0401/511f/60102 e que a continuación se detalla:

DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA E.P. 7304 DE XARAS A OLVEIRA P.K. 1,64 A P.K.3,99 . RIBEIRA". (0811300006.0)	369.158,86
TOTAL	369158,86

....”

19.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2009 CUARTA FASE, INTEGRADO POLOS PROXECTOS:

-MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA D.P. 3801 SIGÜEIRO A SAN MAURO (OROSO)

-ACONDICIONAMENTO DA D.P. 3404 SERRA DE OUTES A DUMBRÍA ENTRE OS PK 31+230 A 31+710 (DUMBRÍA).

-ACONDICIONAMENTO DA D.P. 3404 DE SERRA DE OUTES A DUMBRÍA. TRAMO 1R: INT D.P: 3404 A INT AC-199 (DUMBRÍA).

-TERMINACIÓN DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA, D.P. 3802 DE ORDES A PONTECARREIRA PK 0+560 AO PK 2+140 (ORDES).

-AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA D.P. 2205 SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO Á PEDRA P.K. 0+000 A 1+560 (CEDEIRA).

E SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DAS CITADAS OBRAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- 1) “Aprobar o Plan de VIAS PROVINCIAIS 2009 CUARTA FASE cun orzamento total de 2.162.603,19- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación e 0401/511B/61102 que se detalla.

PROXECTO	IMPORTE	CÓDIGO
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA D.P. 3801 SIGUEIRO A SAN MAURO PK 4+030 AO PK 5+010 (OROSO)	159294,25	0911100004.0
ACONDICIONAMENTO DA D.P. 3404 SERRA DE OUTES A DUMBRÍA ENTRE OS PK 31+230 AO 31+710 (DUMBRÍA)	700441,54	0911100005.0
ACONDICIONAMENTO DA D.P. 3404 DE SERRA DE OUTES A DUMBRÍA TRAMO 1R: INT D.P. 3404 A INT AC-199 (DUMBRÍA)	418789,7	0911100006.0

CONDICIONAMENTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA D.P. 3802 DE ORDES A PONTECARREIRA PK 0+560 AO PK 2+140 (ORDES)	302636,1	0911100007.0
AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA D.P. 2205 SAN ANDRÉS DE TEIXIDO Á PEDRA P.K. 0+000 AO 1+560 (CEDEIRA)	581441,6	0911100009.0
TOTAL	2.162.603,19	0

2) Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3) Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a realización das citadas obras, porén, con carácter previo, deberá intentarse o mutuo acordo cos afectados.”

20.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009, 3ª FASE INTEGRADO POLOS PROXECTOS:

-TRAVESÍA NA D.P. 5903 ORDES A PORTOMOURO POR PONTECHONIA REMODELACIÓN E SUPRESIÓN DAS BARREIRAS (ORDES).

-MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DP 0604 PK 11+750 A PK 12+910 (ARZÚA).

-ACONDICIONAMENTO DA DP 1202 DE TROBE Á INTERSECCIÓN COA N-525 ENTRE OS PK 4+180 A 4+420 (BOQUEIXÓN).

-MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 7401 URDILDE A ANTEQUEIRA ENTRE OS PK 0+000 AO 0+302 CARREIRO PEONIL DE URDILDE (ROIS).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- 1) “Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2009 3ª FASE cun orzamento total de 1.037.586,75.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
TRAVESIA NA D.P. 5903 ORDES A PORTOMOURO POR PONTECHONIA REMODELACION E SUPRESION DE BARREIRAS (ORDES)	429.406,42
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA DP 0604 PK 11+750 AO PK 12+910 (ARZÚA)	237.703,72
ACONDICIONAMENTO DA D.P. 1202 DE TROBE A INTERSECCIÓN COA N-525 ENTRE OS PK 4+180 A 4+420 (BOQUEIXON)	270.250,64
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA EN D.P. 7401 URDILDE A ANTEQUEIRA ENTRE OS PK 0+000 AO 0+302 SENDA PEONIL DE URDILDE (ROIS)	100.225,97
TOTAL	1.037.586,75

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera, polo tanto, ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprrobe definitivamente o plan ou a correspondente fase deste.

2) Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a

execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-2-2008 (BOP 57/8-3-2008).”

21.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2009, QUINTA FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO “SEGURIDADE VIARIA NA DP 3006 ACCESO Á ZAPATEIRA DO PK 1+960 AO 2+740 MARXE ESQUERDA”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de VÍAS PROVINCIAIS 2009 QUINTA FASE cun orzamento total de 228.718,07 euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/511B/61102 que se detalla:

PROXECTO	IMPORTE	CÓDIGO
SEGURIDADE VIARIA NA D.P. 3006 ACCESO Á ZAPATEIRA DO PK 1+960 Ó 2+740 MARXE ESQUERDA	228.718,07	O911100010.0

2) Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

22.-PROXECTO DORNA. (DESENVOLVEMENTO ORGANIZADO E SOSTÍBEL DE RECURSOS NO NOROESTE ATLÁNTICO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1º.- Tomar coñecemento da subvención concedida polo *Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional* (FEDER), ao **PROXECTO DORNA** (*Desenvolvemento organizado e sostible de recursos no noroeste atlántico*) dentro da convocatoria “*Programa de cooperación transnacional espazo atlántico 2007-2013*”, sendo o orzamento total da execución o seguinte:

PROXECTO DORNA	ACHEGAS PROPIAS	ACHEGA FEDER	TOTAL
Deputación Coruña	145.087,00	269.446,00	414.533,00
Resto socios	534.358,00	992.378,00	1.526.736,00
Total proxecto	679.445,00	1.261.824,00	1.941.269,00

2º.- Aprobar a posta en marcha do proxecto DORNA e facultar á Presidencia para realizar as xestións necesarias para a súa execución, de acordo co seguinte presuposto:

IMPUTACION TEMPORAL			
PARTIDA	DOTACION	2009	2010
0104/560F/131.00	81.983,62	40.522,08	41.461,54
0104/560F/160.03	26.296,38	13.017,98	13.278,40
0104/560F/226.99	23.213,00	11.606,50	11.606,50
0104/560F/227.99	283.040,00	141.520,00	141.520,00
Total proxecto	414.533,00	206.666,56	207.866,44

23.-CONVENIO COA *FUNDACIÓN TALLER DE SOLIDARIEDADE*, PARA O FINANCIAMENTO DUN PROXECTO DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL AO DESENVOLVEMENTO NA REPÚBLICA DEMOCRÁTICA DO CONGO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o texto do seguinte convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a *Fundación Taller de Solidariedade*, para o financiamento dun proxecto de Mellora da saúde para a poboación de Kayeye, na República Democrática do Congo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A “FUNDACIÓN TALLER DE SOLIDARIEDADE”, PARA FINANCIAR UN PROXECTO DE “MELLORA DA SAÚDE PARA A POBOACIÓN DE KAYEYE, NA REPÚBLICA DEMOCRÁTICA DO CONGO”

A Coruña, de de dous mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D./Dª., DNI núm., que intervén neste acto en nome e representación da *Fundación Taller de Solidariedade*, CIF G-83105783, con domicilio social na Rúa Brisa, 4, 28003 Madrid, na súa calidade de e conforme ás competencias que lle atribúen os seus estatutos.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A *Fundación Taller de Solidariedade* é unha organización non governamental para o desenvolvemento, constituída ao amparo da Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral (hoxe adaptada á normativa vixente contida na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións), clasificada e inscrita no Rexistro de Fundacións Asistenciais baixo o protectorado do Ministerio de Traballo e Inmigración, así como no Rexistro de ONG da Axencia Española de Cooperación Internacional (Aecid).

O proxecto que promove trata da mellora da saúde das persoas, polo que contribúe á consecución dos obxectivos de desenvolvemento do milenio, e, asemade, ao afectar á cobertura das necesidades sociais básicas, incide tamén nun ámbito sectorial considerado como prioritario tanto para a planificación galega, definida polo miúdo no “Plan director da cooperación galega 2006 – 2009”, como para a estatal, en cuxo Plan director 2009-2012, recentemente aprobado, se contempla á República Democrática do Congo dentro do ámbito xeográfico de atención preferente (Grupo A – Asociación Amplia), por estar entre os países menos Adiantados.

A Deputación da Coruña participa neste proxecto no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, prevista na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

O proxecto a executar denomínase “*Mellora da saúde para a poboación de Kayeye, na República Democrática do Congo*”, e ten como obxectivo principal a mellora da saúde en Kayeye, na subrexión de Haut Lomami, na rexión de Catanga, da República Democrática do Congo (RDC, en adiante), e como obxectivo específico o abastecemento de enerxía eléctrica continuada mediante a instalación de placas solares, así como o equipamento cirúrxico, médico e sanitario para o Hospital de Kayeye.

Tal e como se detalla no documento de formulación do proxecto que se acompaña, a intervención da *Fundación Taller de Solidariedade* beneficiará directamente a 18.000 persoas e indirectamente a 50.000 habitantes da zona de influencia do Hospital.

A intervención da *Fundación Taller de Solidariedade* farase en colaboración coa súa contraparte local, a delegación na RDC da Congregación Relixiosa “Siervas de San

José”, coa que colabora dende a súa constitución. Trátase dunha organización non gobernamental de carácter relixioso que traballa na zona dende 1967, no eido da saúde, a educación e outros servizos sociais, dirixidos preferentemente á poboación infantil e ás mulleres, e, polo tanto, con implantación na zona e experiencia acreditada na execución de proxectos desta natureza.

SEGUNDA: ORZAMENTO

O orzamento de execución, segundo se indica no documento de formulación do proxecto que se acompaña, ascende á cantidade de 59.224 €, que se resume nas seguintes partidas:

CONCEPTO

- Material médico cirúrxico:	31.524
- Electrificación solar:	26.000
- Transporte e instalación:	1.700
TOTAL:	59.224

TERCEIRA. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 47.379,20 euros, o que equivale a un coeficiente de financiamento total do 80 %.

2. No caso de que o gasto finalmente xustifico non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada, sen que a achega máxima poida exceder de 47.379,20 €. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento estimado de gastos entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a *Fundación Taller de Solidariedade* obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custe total do gasto efectivamente xustifico. No caso de que, pola concorrencia doutras axudas ou subvencións se supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial.

CUARTA. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

A entidade beneficiaria comprométese a dar difusión e deixar constancia do financiamento provincial.

QUINTA. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. A intervención da *Fundación Taller de Solidariedade* farase en colaboración coa súa contraparte local, a delegación na RDC da Congregación Relixiosa “Siervas de

San José”, aínda que será a beneficiaria a que, a través do seu persoal expatriado na RDC, coordinará e colaborará no seguimento da execución do proxecto.

2. En virtude deste convenio, correspóndelle á *Fundación Taller de Solidariedade* a realización das actuacións necesarias para asegurar o control, seguimento e verificación da execución do proxecto, e a acreditación documental perante a Deputación da Coruña da súa execución, así como os pagamentos e transferencias á súa contraparte das achegas económicas correspondentes.

3. Para asegurar a verificación documental do cumprimento do obxecto do presente convenio, a *Fundación Taller de Solidariedade* poderá solicitar o apoio das dependencias da Administración española no exterior radicadas na RDC (Oficina da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento da demarcación ou outros recursos que puidese poñer á súa disposición a embaixada ou oficina consular correspondente).

4. A beneficiaria comprométese, de conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, con carácter previo á contratación dos servizos de asistencia previstos, se o seu importe supera 12.000 euros, ou do custo por execución de obra, se excede de 30.000 euros, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, elixindo de entre as recibidas a que resulte máis axeitada conforme aos criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar a elección cando esta non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación, por importe de 47.379,20 euros, aboarase en dous prazos. O primeiro, por importe de 23.689,60€ (equivalente ao 50 % da achega concedida), co carácter de anticipo de fondos, e para a súa percepción a entidade beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:

a) Solicitud de aboamento

b) Acordo coa súa contraparte local “Siervas de San José”, de colaboración para a execución do proxecto.

c) Xustificar a apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para atender ao proxecto - *Mellora da saúde para a poboación de Kayeye, na República Democrática do Congo*”, con cargo á que se farán os cobramentos e pagamentos que correspondan á realización do proxecto subvencionado. Un extracto da conta deberá remitirse á Deputación xunto coa xustificación documental correspondente.

2. O segundo prazo, polo importe restante, aboarase despois da execución do proxecto e logo da presentación por *Fundación Taller de Solidariedade*, antes da finalización do prazo de vixencia establecido na cláusula décimo terceira e para os efectos da xustificación final do proxecto, da conta xustificativa comprensiva da seguinte documentación:

a) Memoria final da execución do proxecto, que aluda, entre outros puntos, ás actividades realizadas e aos obxectivos acadados, e irá acompañado, se é o caso, daqueles outros informes externos que a beneficiaria obtivera para facilitar o control, seguimento e avaliación de resultados.

b) Certificación dos gastos realizados.

c) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente. Os xustificantes que se refiran aos gastos de xestión deberán incorporar unha dilixencia ou vir acompañados dunha certificación que acredite a parte que se imputa ao proxecto.

d) Reportaxe fotográfica das actividades e investimentos realizados.

e) Declaración das axudas recibidas para a execución do proxecto.

3. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII.

4. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou, se é o caso, as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

5. Os pagamentos que se realicen terán que ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no citado departamento.

SÉTIMA. PRAZO DE FINALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PARA A SÚA XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial deberán estar finalizadas e xustificadas antes da finalización do período de vixencia establecido na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención, sen prexuízo das responsabilidades correspondentes. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que lle puidese corresponder, conforme coa lexislación aplicable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indique. Se transcorren máis de catro meses dende a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se perciba o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos

xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga o pagamento.

OITAVA. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagamentos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das citadas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña a dita información telematicamente. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinarao esta de oficio.

NOVENA. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais imponían, a entidade beneficiaria contará, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

DÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

UNDÉCIMA. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións establecidas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; si o retraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.

4. Si o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

DUODÉCIMA. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido

respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle esta información á Consellería de Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e estará vixente ata o día 30 de xuño de 2010.

2. A solicitude da entidade beneficiaria, realizada, polo menos cun mes de antelación á citada data, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes previos e preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas partes, por causa debidamente xustificada e despois dos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

DÉCIMO CUARTA. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que xurdan na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos Provincial.

3. Correspóndelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que xurdan como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do de de 2009

En proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuádruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento

O presidente da Deputación da Coruña En representación da *Fundación Taller de Solidariedade*

D. Salvador Fernández Moreda

2º.- Facultar ao presidente para a sinatura do convenio e para os actos que requiran a súa execución.”

24.-MODIFICACIÓN DA BASE 48ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL DO EXERCICIO 2009 REFERIDA ÁS SUBVENCIONS NOMINATIVAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar a documentación que se presenta, esta Comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Modificación da Base 48ª de execución do Orzamento Provincial.

1º-1- Incluir as subvencións nominativas que se enumeran a continuación ás recollidas na Base 48ª do orzamento provincial do exercicio 2009, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do Regulamento da Lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño.

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBJECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% COEF. FINANC.
0104/330B/489.01	Asoc. solidariedade galega co Pobo Saharaí	Proxecto vacacións en paz	30.000,00	97.500,00	30,77
0104/330B/489.01	Asociación Vihda	Proxecto de dotación da fosa séptica no Hospital de Maragua-Kenia e redacción de plans directores de 3 hospitais e 2 centros saúde	29.323,20	36.654,00	80,00
0104/330B/489.01	Asociación colaboración e esforzo (Acoes)	Proxecto de prevención social en nenos/as e mozos/as de grupos en situación de risco, en Tegucigalpa-Honduras	18.309,60	36.619,20	50,00
0104/330B/489.01	Fundación para a educación e o desenvolvemento dos pobos (Entreculturas)	Proxecto de fortalecemento da capacidade educativa en dúas escolas de primaria nas provincias de Muyinga e Bururi en Burundi.	28.773,23	57.546,46	50,00
0104/330B/789.01	Asociación Vihda	Proxecto de dotación da fosa séptica no Hospital de Maragua-Quenia e redacción de plans directores de 3 hospitais e 2 centros saúde	5.488,09	6.860,11	80,00
0104/330B/789.01	Fundación taller de Solidariedade	Proxecto de mellora da saúde da poboación de Kayeve-R.D. Congo	47.379,20	59.224,00	80,00
0104/463C/789.01	Casa de Galicia (Uruguai)	Equipamento policlínica “A Coruña”	33.691,00	42.114,00	80,00
0104/463C/789.01	Centro Galego de Rosario (Arxentina)	Reparacións no local social	25.000,00	33.903,03	73,73
0701/324A/489.01	Real Academia Galega	Xornadas de conferencias e debates sobre feminismo	18.200,00	25.700,00	70,82

0701/324A/489.01	Universidade da Coruña	Conferencias e cursos con perspectiva de xénero. Oficina para a igualdade de Xénero.	22.860,00	30.990,00	73,77
0701/324A/489.01	Universidade da Coruña	Curso de verán Política Social (e políticas de igualdade) europea. Facultade Económicas	12.000,00	34.658,00	34,62
0701/350A/462.01	Concello da Coruña	Campaña de promoción da lingua galega “ O galego medra contigo”	30.000,00	30.000,00	100,00
TOTAL			301.042,32		

1º-2- Modificar ás subvencións nominativas seguintes:

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% COEF. FINANC.
0305/432C/754.01	Xestión urbanística da Coruña SA *(1)	Liquidación urbanización Polígono do Tambre	306.609,97	1.385.950,16	22,12
0305/622B/462.01	Concello Santiago Compostela *(2)	Plan estratéxico do comercio compostelán	150.000,00	187.500,00	80,00

*(1) Modifícase o beneficiario (antes IGVS Instituto Galego Vivenda e Solo)

*(2) Modifícase o obxecto (antes Compostela Activa)

2º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentasen reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

25.-INFORME SOBRE A FISCALIZACIÓN POSTERIOR FEITA AOS RECURSOS PROPIOS E DOUTROS ENTES PÚBLICOS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2008.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización posterior feita aos recursos propios e doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2008, na aplicación do disposto nos artigos 214,219 e 222 do Texto refundido da lei das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do apartado 2 da Base 32 das de execución do Orzamento para o exercicio 2008 e da Resolución da Presidencia núm. 20.744/2002 do 28 de decembro modificada pola Resolución núm. 10.157/2007 do 14 de xuño, pola que se establece a substitución da fiscalización previa dos dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

Quedar sabedores do devandito informe resumo, que conclúe que os actos de xestión tributaria revisados non presentan ningunha eiva de importancia e axústanse ao ordenamento tributario de aplicación, polo que é obrigado felicitar aos servizos de xestión tributaria polos resultados obtidos e por estar a superar as dificultades que toda nova aplicación informática supón.”

26.-ACTAS DE COMPROBACIÓN DOS ESTADOS DE SITUACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2008 E DAS OPERACIÓNS REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2008 NAS ZONAS DE RECADACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Toma de coñecemento do contido das actas da Comisión Liquidadora sobre as actuacións de comprobación dos estados de situación das operacións de recadación correspondentes ao exercicio 2008.”

27.-PROPOSTA DA PRESTACIÓN AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DO SERVIZO DE INSTRUCCIÓN DOS EXPEDIENTES POR SANCIÓNS MUNICIPAIS DE TRÁFICO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- “1) Asumir por parte da Deputación Provincial da Coruña, e con efectos do 1 de xaneiro de 2010, a prestación do servizo consistente na instrución dos expedientes sancionadores de tráfico dos concellos que deleguen esta competencia, co alcance e contido que determinen as bases para a prestación do servizo que deberán ser aprobadas polo Pleno da Deputación.

- 2) Creación da Unidade de Instrución de Sancións de Tráfico (UISMT), adscrita á Tesourería provincial, para levar a cabo a instrución dos referidos expedientes. Para dotar de persoal á UISMT incorporaranse na relación de postos de traballo (RPT) que se aprobe xunto co Orzamento de 2010, os postos de nova creación que sexan necesarios para garantir a adecuada prestación do servizo, incorporaranse tamén aqueles postos que xa estaban dedicados á xestión de multas dentro do Servizo de Recadación. Provisoriamente, en tanto non sexa efectiva esta medida, asígnanse os cometidos de dirección e posta en marcha desta Unidade ó Coordinador de Xestión Recadatoria do Servizo de Recadación.
- 3) Formación do persoal da UISMT e incluso, no que sexa necesario, ós axentes municipais e outro persoal dos concellos, tanto nas tarefas administrativas a realizar por cada un como no funcionamento da aplicación informática no seu módulo sancionador.
- 4) Dotación dos medios técnicos e materiais imprescindibles para a posta en marcha operativa da UISMT nos prazos xa expresados.
- 5) Adopción dos convenios coa DXT que sexan necesarios para facer efectiva a colaboración mutua e o correcto desenvolvemento das competencias delegadas polos concellos na deputación.”

28.-APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DE BOIRO PARA PROMOVER O INVESTIMENTO EN PROMOCIÓN TURÍSTICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de BOIRO para financiar o investimento en promoción turística no concello.

2.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 11.990,00 euros, que supón o 100 % do orzamento total.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/463B/762.01

3.- Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

4.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

"A Coruña, de dous mil oito

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Señor D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte D. , en representación do Concello de Boiro.

EXPOÑEN:

- 1.- Que a Excm. Deputación provincial da Coruña o Concello de Boiro consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados co turismo na provincia da Coruña.
- 2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva a todo aquilo que signifique estudo información e mellora da promoción do turismo da provincia.
- 3.- Que, dado o interese coincidente a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE BOIRO, para o financiamento da adquisición dos bens para a PROMOCIÓN TURÍSTICA que se describe deseguido:

MOBILIARIO PARA A OFICINA DE TURISMO.

PROGRAMA INFORMÁTICO DE XESTIÓN ESTATÍSTICA DE VISITANTES.

APLICACIÓN INFORMÁTICA TURÍSTICA PARA O MÓBIL.

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o informe de valoración que achegou o CONCELLO DE BOIRO, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 11.990,00 EUROS:

CONCEPTO	IMPORTE
MOBILIARIO OFICINA DE TURISMO	2.504,17 €
PROGRAMA INFORMÁTICO DE XESTIÓN ESTATÍSTICA DE VISITANTES.	3.717,80 €
APLICACIÓN INFORMÁTICA TURÍSTICA PARA O MÓBIL	5768,53 €
TOTAL:	11.990,50 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 11.990,00 €, o que representa unha porcentaxe do 100 %.
2. No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición dos bens inmobles inmateriais .
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/463B/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao CONCELLO DE BOIRO o outorgamento do correspondente contrato de compravenda.
2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE BOIRO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE BOIRO, unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición dos bens inmobles e inmateriais, expedida polo órgano competente.
- Certificación do acordo da incorporación dos bens ao inventario de bens da CONCELLO DE BOIRO.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

VI.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición dos bens que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO DE BOIRO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula QUINTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE BOIRO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades estalecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE BOIRO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE BOIRO na documentación aportada. E se transcorren máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobre o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE BOIRO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE BOIRO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE BOIRO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE BOIRO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE BOIRO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na adquisición do inmovible implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE BOIRO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE BOIRO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata un ano, a contar dende a súa sinatura.

2. Previa solicitude do CONCELLO DE BOIRO, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o alcalde do CONCELLO DE BOIRO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

“E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuaduplicado, no lugar e data indicados no encabezamento”.

29.-MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SOBRE O FINANCIAMENTO DOS

GASTOS, DERIVADOS DO INCREMENTO DO CADRO DE PERSOAL DO PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO.

INTERVENCÍONS

Sr. Rey Varela

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, a verdade é que a historia deste proxecto está marcada, desde o noso punto de vista, polas modificacións. Hoxe vén unha nova modificación, pero xa son bastantes.

E o certo é que tamén o Grupo Popular fixo un seguimento importante a esta cuestión, tratando por iniciativa deste grupo, nos Plenos do ano pasado de xuño e outubro, onde xa dicíamos que se poderían estar dando casos que xustifican entre outras cousas este incremento de contía económica que imos aprobar hoxe.

Efectivamente, asíñase, felizmente por todas as partes, o 27 de setembro de 2001 o convenio marco para a creación, como coñecen todas as deputadas e os deputados, dun parque comarcal en Santiago de Compostela. O 6 de outubro do ano 2003 trátase xa da primeira modificación, hai outra terceira modificación o 29 de decembro de 2004, e unha cuarta modificación o 1 de abril do ano 2005.

O certo é que as críticas que lanzamos desde este grupo fundamentalmente estaban en relación á construción do propio parque, cunha desviación orzamentaria importantísima, o certo é que o que ía ser ou que se planificou no ano 2001 coa colaboración da Xunta de Galicia e desta Deputación cos concellos da comarca de Santiago, era a construción dun novo parque para que ese parque dese servizo a toda a comarca, un obxectivo que nós, desde logo, desde o Grupo Popular, compartimos plenamente. O certo é que a realidade é ben diferente, ademais destas modificacións, temos que ter en conta que neste momento as obras de construción deste novo parque levan tres anos absolutamente paradas e nin Santiago nin a comarca poden contar nestes momentos cun parque de bombeiros suficientemente actualizado para as necesidades do século no que nos atopamos.

Polo tanto, pensamos que desde o punto de vista de execución da obra hai unha, digamos, mala xestión por parte do concello na finalización deste parque. Pero a iso hai que sumarlle o motivo precisamente deste convenio, que é un incremento de custo en relación co cadro de persoal de bombeiros do Concello de Santiago. Houbo unha sentenza que todos coñecemos tamén, que vén a completar o que é o convenio que asumiu esta Deputación co Concello de Santiago, que é asumir o incremento de custo que tivo que asumir o Concello de Santiago, unha vez que, por unha mala negociación co colectivo de bombeiros non se pode, definitivamente, no Concello de Santiago, situar este parque comarcal. Se a negociación fose doutra maneira, posiblemente si que, unha vez se finalizasen as trabas que esta obra está tendo, si que poderíamos gozar en Santiago dun parque comarcal.

O certo é que isto denota, desde o noso punto de vista, unha mala utilización de fondos públicos, desde logo somos absolutamente solidarios co Concello de Santiago, como non pode ser doutra maneira, pero nós, aínda que sexamos oposición nesta Corporación, temos que velar tamén pola boa utilización dos fondos públicos, e o certo é que a solidariedade non se debe de enfrontar nunca a outro criterio fundamental que é o da equidade, e o certo é que hai outros concellos que están asumindo neste momento a totalidade dos custos dos seus parques locais sen que a Deputación e a Xunta de Galicia estean achegando cotas de incremento de gasto e, polo tanto, non é unha cuestión de falar de solidariedade co Concello de Santiago, que fixo mal os deberes na construción e na negociación, senón falar da solidariedade con todos os concellos da provincia, porque desde a Deputación, desde logo, non é que non queiramos apoiar a Santiago, nós pensamos que o apoio debe de ser proporcional a todos os concellos. Por iso imos manter o noso voto que tivemos no mes de decembro, negativo a esta proposta, e negativo tamén porque a verdade é que, como empezaba a miña intervención, esta tramitación deste expediente, que está cheo de modificacións, resulta un pouco significativo, a verdade, que esta Deputación no mes de decembro asine un convenio entre o presidente e o alcalde de Santiago, cunha cantidade de trescentos e pico mil euros cando faltaban só uns días para que finalizase o ano 2008 e que agora nos deamos conta que a cantidade son máis de 500.000 euros, é unha desviación orzamentaria de máis do 40%, que nós non entendemos xustificada. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días, vaia por diante a benvida á compañeira deputada dona Esther González Vázquez á cal, en nome do equipo de goberno, lles desexamos os éxitos e as súas achegas moi importantes que sen dúbida terá ao longo do seu mandato como Deputada provincial.

Como ben dixo no remate da súa intervención o Sr. Rey, fixo un repaso minucioso ao que aconteceu no parque de bombeiros de Santiago, e que é coñecido por todos, e que é indubidable que as realidades moitas veces son testáns e temos que aceptalas, realmente isto non se trata dunha modificación, senón dunha corrección dun erro económico. E como ben dixo, alá polo ano 2001 iníciase a comarcalización cunha porcentaxe de participación económica do 40% por parte da Xunta de Galicia, 20% por parte do Concello de Santiago e 40% por parte desta institución, cousa que se mantén estritamente neste convenio e na súa modificación que hoxe se trae aquí a Pleno.

Houbo distintos avatares que aquí se formularon, que terminou cunha sentenza do Tribunal Supremo, dándolle a razón ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na cal non imos entrar, e que é coñecida polas Sras. e Sres. deputados. Iso ocasionou que esta Deputación, co Concello de Santiago, tivese que tomar unha serie de medidas, dado que o cadro de persoal dos traballadores do parque de bombeiros de Santiago incrementárase naquel momento de 57 a 76, un incremento de 19, que paulatinamente,

e como figura no convenio primitivo, se irían deducindo paulatinamente durante distintos anos ata chegar ao 2011.

A partir de aquí a Deputación da Coruña asina ese convenio, como ben di vostede, cunha achega no capítulo I relativo a persoal, do 40% que lle correspondería que serían 357.564,97 euros, pero unha vez detectado polos servizos económicos e certificado pola Intervención do concello e pola Secretaría e a través da Intervención do Concello de Santiago, detéctase que a cuantificación ten que ser un pouco maior, 587.000,44 euros. Que quere dicir iso?, que indubidablemente esta institución vai manter os seus compromisos de acordo cos convenios asinados. En segundo lugar, que non imos deixar de lado un erro económico que se produce por unha mala cuantificación nun principio do capítulo I, que como saben, son as remuneracións de persoal, e é o único que nos atinxe, e que non deixaremos ao concello sen os seus dereitos que recollen no convenio asinado entre o Sr. alcalde de Santiago e o presidente desta institución provincial.

Falaba vostede de solidariedade, si, a solidariedade tamén son os distintos parques que funcionan dentro do Consorcio Provincial de Bombeiros, que como sabe moi ben, neste momento está repartida a contía entre a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña a partes iguais, e aquí tamén nós temos que cumprir os mandatos que temos nos convenios, e ímolo facer, eu o que lamento é que o Partido Popular vote en contra, respectamos por suposto a súa posición, non a compartimos, como así pasou no Pleno do 19 de decembro do ano 2008 e, indubidablemente, seguiremos cumprindo cos mandatos que dá ese convenio, e co incremento que corresponde no capítulo I. Nada máis e moitas grazas.

Sr. presidente

Entendemos aprobado este punto cos votos favorables do Grupo Bloque Nacionalista Galego, do Partido Socialista de Galicia e o voto en contra do Grupo do Partido Popular.

En calquera caso gustárame dicir, para completar este asunto, que estamos simplemente cumprindo cunha obriga que ten a deputación, é dicir, o ano pasado asinamos un convenio que estaba baseado nunha cifra económica que era unha estimación da Intervención do Concello de Santiago, o exercicio estaba sen pechar, agora certifícanos a Intervención a cantidade real e temos a obriga por convenio asinado, de financiar o 40% a deputación, o 40% do custo salarial a Xunta e o 20% o propio Concello de Santiago. Isto faise porque cando se fixo o convenio no ano 2001 era unha comarcalización do parque de bombeiros de Santiago e en función dese convenio o parque de Santiago tivo que contratar 19 bombeiros máis. Cunha sentenza do Tribunal Supremo non se pode comarcalizar, e non é lexítimo, nin lóxico que o Concello de Santiago asuma o custo dese persoal, entón o que fixemos foi facer un convenio co Concello de Santiago onde se poñía unha cantidade estimada, como dicía antes, antes de pechar o exercicio, para que?, para que a deputación achegase o 40%, como vai achegar a Xunta o 40% dese custo, co compromiso do Concello de Santiago

que no ano 2008 quedaba finiquitado isto porque a idea é que van amortizando as prazas que se van xubilando, vanse cubrindo con estes bombeiros que eran produto do acordo coa deputación, co cal estamos cumprindo un convenio, non ten nada que ver con outros temas, cada caso é un caso particular, ten unha casuística diferente, e simplemente limitámonos a cumprir o que é unha obriga da deputación, e matizaba que non é que houbera un erro, senón que no momento que se asina a Intervención do Concello de Santiago fai unha estimación dos custos laborais que logo, unha vez pechado o exercicio, e liquidado o exercicio, compróbase que era inexacto, entón simplemente se corrixe ese dato.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (11 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: 12 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Modificar a redacción da cláusula terceira do convenio asinado entre a Deputación e o Concello de Santiago de Compostela sobre o financiamento dos gastos, derivados do incremento do cadro de persoal do parque de bombeiros de Santiago de Compostela para que esta quede redactada de acordo co seguinte teor literal:

Os gastos derivados do incremento do cadro de persoal na anualidade 2008 ascende a 587.000,44 €. Polo tanto, a Deputación asume o financiamento da parte proporcional a dito incremento dende a data do 1 de xaneiro de 2008".

30.-APROBACIÓN DA ACHEGA PROVINCIAL Á 1ª FASE DO PLAN DE AXUDA AOS CONCELLOS “PLAN DE RENOVACIÓN E MELLORA DO COMERCIO GALEGO”.

INTERVENCIONS

Sra. Vázquez Mejuto

Presidente, deputadas e deputados, bos días. Antes de comezar a miña intervención, Sr. presidente, alegrámonos de que se incorpore ao Pleno e esperamos unha pronta recuperación.

Este foi un tema que foi á Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo, durante esta Comisión o Grupo Popular formulou distintas preguntas porque había cousas que non viamos do todo claro e se ben tecnicamente xa fomos aclarando, politicamente seguimos téndoo bastante escuro.

Trátase dun Plan de renovación e mellora do comercio galego, é a primeira fase, pero non parte de cero, é dicir, faise un convenio co fin de complementar as axudas da Consellería de Innovación e Industria publicadas na Orde de febreiro do ano 2008. Aquí tiñamos dúas posibilidades, ou tiñan dúas posibilidades os concellos, unha que era solicitar unha subvención de carácter anual ou bianual. Tanto uns coma outros aceptan as bases publicadas na Orde, e agora atopámonos que aqueles concellos que solicitaron de forma anual, e que se lles concedeu unha axuda, que foron un total de 38, teñen que achegar das súas arcas, do seu orzamento propio para realizar a obra un 65%, fronte a 7 concellos, que van agora neste convenio e que tan só teñen que achegar o 20% dos seus recursos propios, é dicir, que un concello que solicita unha obra por 100.000 euros ten que poñer 65.000, fronte a outros concellos, como pode ser algún destes sete, que tan só teñen que poñer un 20%.

Nós aquí o que vemos é un auténtico agravio comparativo, desde logo xamais nos imos opoñer a que a deputación faga achegas co fin de mellorar o comercio, tanto nas zonas rurais como nas urbanas, pero non obstante cremos, estamos convencidos de que é así, de que houbo unha total carencia de información, e que os concellos se adaptaron nun momento determinado a unha Orde e que agora iso variou totalmente.

Tecnicamente é posible, xuridicamente é aceptable, pero politicamente cremos que é incorrecto, porque non se está medindo aos concellos polo mesmo raseiro, senón que a uns estáselles dando unha oportunidade que outros non teñen.

Este foi o motivo polo cal nós nos abstivemos nesa Comisión, e o motivo polo cal seguimos mantendo a abstención agora mesmo, abstención por que? aínda que tal vez debería de ser un voto en contra, abstención porque seguramente estes sete concellos que van neste convenio teñen un problema económico, pero que seguro tamén teñen os 38 concellos que tiveron que poñer o 65% desa subvención. Se vostedes nos din que a posteriori van sacar unha segunda fase, ou outro plan, eu direilles que está moi ben, pero que hai 38 concellos que xa non tiveron esa oportunidade. Entón nós, o Grupo Popular, que estamos na oposición pero a nosa obriga e o noso deber é velar porque chegue a información correcta e por igual a todos os concellos, queremos pedirlles que se coiden en facer este tipo de convenio, e que sexan doutro tipo, por igual para todos os concellos, non discriminando a unhas fronte a outros. De aí que de novo sigamos mantendo o voto de abstención.

Sr. Villamar Díaz

Moitas grazas, Sr. presidente. Eu quería contestarlle á intervención da Sra. deputada Ángeles Vázquez, dicíndolle que por parte deste grupo de goberno creo que non é este o primeiro plan, noutros moitos buscamos a colaboración, e estamos interesados na colaboración con outras administracións á hora de facer plans como é este caso. Vostede está falando de dúas anualidades, do 2008 e a do 2009, e desgrazadamente a partida orzamentaria na que nos movemos pertence ao 2009 e, polo tanto, só podemos atender á anualidade 2009, non podería ser doutra maneira. É

verdade ademais que esta é unha primeira fase que se vai ver complementada, estes sete concellos que vostede menciona, con outros concellos tamén que aínda non entregaron toda a documentación e, polo tanto, tan pronto a teñan entregada complementarase toda esta anualidade de 2009.

E ademais, se me permite, quería facerlle dous comentarios máis, e animala a vostede e ao seu grupo para que voten positivamente. Nunca foi, por parte deste grupo de goberno, nin pola Área de Promoción Económica, sempre primou o interese xeral, non ollamos máis alá de todo iso, así fixémoslo, e é verdade que depende de como se miren as cousas, depende o que se lle queira buscar ás cousas, pódense facer interpretacións equivocadas. Cando vostede, a oposición e o grupo de goberno aprobamos o Plan do Mandeo, por exemplo, estamos discriminando ao resto dos concellos que non están, ou que teñen outro río, que non é o Mandeo?, non, eu creo que estabamos velando polo interese xeral e aí había un proxecto interesante que había que traballar nel, da mesma maneira que desde a Área de Promoción Económica se fixo o Plan do Eume, ou fíxose o Plan de Cidades Dixitais, que é verdade que neses casos non se abrangue a todos os concellos da provincia, pero eran proxectos que polo seu interese, polo seu interese xeral, foron aprobados desa maneira.

Eu vólvolle a repetir, nós seguimos crendo na cooperación entre as administracións e neste caso a cantidade orzamentaria, a partida orzamentaria, correspóndese co 2009, polo tanto, non podemos atender aos concellos que foron beneficiados no ano 2008, ese é o motivo e non outro. Nada máis e moitas grazas.

Sra. Vázquez Mejuto

Sr. Pablo Villamar, estará vostede dacordo comigo que os concellos da provincia da Coruña, e o resto dos concellos de Galicia, pero aquí centrámonos no que é a deputación, había unha Orde, Orde que era para todo o mundo igual, co cal eses concellos contaban cunhas partidas e houbo algúns que, por falta de liquidez debido á situación que están atravesando, incluso tiveron que renunciar a esa subvención, entón agora vense discriminados con respecto a esoutros que se lles ve incrementado por parte da deputación nun 45% máis a contía. Entón, eu creo que non temos que mesturar convenios tipo Mandeo, ou doutro tipo, con estes que hai unhas bases iguais para todos os concellos, coa diferenza de que uns optaron por unha anualidade e outros por dous, co cal o noso voto segue sendo de abstención, aínda que debería de ser en contra, polos motivos que anteriormente dixen, non están os concellos en igualdade de oportunidades, e houbo 38 que perderon esa oportunidade de que se lles subvenciou tamén o 45% por parte da deputación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (11 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”1.- Conceder unha achega aos concellos que se relacionan no anexo I por importe total de 498.767,69 € para garantir o financiamento dos proxectos que están a promover encamiñados ao desenvolvemento no ámbito territorial da provincia da Coruña incorporados no programa da Consellería de Innovación e Industria “Plan de renovación e mellora do comercio galego para os exercicios 2008-2009. Anualidade 2009”.

2.- Para o cobramento da subvención os concellos deberán presentar UNHA CONTA XUSTIFICATIVA SIMPLIFICADA, mediante a achega da seguinte documentación:

A.- Unha memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

No caso de subvencións que teñan por finalidade a realización de proxectos que xeren gastos de investimento, a memoria deberá reflectir expresamente os seguintes termos: obtención de licenzas preceptivas, publicidade do financiamento provincial (cartel informativo ou placa conmemorativa), e cumprimento de normas contractuais. No suposto de subministración de bens de equipo ou de prestación de servizos por empresas de consultoría ou de asistencia técnica, estarase ao disposto no establecido na Lei 30/2007 do 30 de outubro de 2007, de contratos do sector público.

B.- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos realizados, con identificación dos acredores (nome ou razón social, apelidos e NIF), dos conceptos de gasto (número de factura ou documento equivalente, importe e data de emisión) e, no seu caso, data e medio de pagamento. O dito pagamento, que se poderá realizar tanto antes como despois do cobramento da subvención, deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxetas de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico en importes de escasa contía nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

C.- Unha certificación expedida polo interventor do concello, co visto e praxe do seu alcalde, na que se faga constar que o gasto foi reflectido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

D.- Unha relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe

ou procedencia, ou pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

A Deputación da Coruña, aleatoriamente, comprobará os xustificantes que estime oportunos, e que permitan obter unha evidencia razoable sobre a axeitada aplicación da subvención, para o que poderá requirirle á entidade a remisión dos xustificantes dos gastos seleccionados.

Nos casos en que sexa de aplicación, o concello deberá acreditar o cumprimento das obrigas sinaladas no art. 31.3 da Lei xeral de subvencións.

Así mesmo, no caso de concorrencia de subvencións públicas que estean xustificadas, poderá achegarse a certificación da administración concedente, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados e o período ao que se refiren os gastos.

3.-Réxime sancionador:

Será de aplicación o réxime sancionador previsto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.

Na determinación de sancións no caso de comisión de falta leve dispostas no art. 56 de dita lei, aplicarase a multa fixada no art. 59 en contía comprendida entre 75 e 600 euros.

No caso de incumprimento dos prazos de xustificación se o retraso no cumprimento do prazo de xustificación non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excedese de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo, o que suporá o 30% do importe da subvención sen que poida superar o importe total de 900 euros. O incumprimento reiterado, polo mesmo beneficiario, en distintas convocatorias nos prazos de xustificación implicará que se apliquen as sancións antes expostas elevando nun grao a que proceda.

4.- Así mesmo deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial da Coruña, para iso deberá autorizar a Deputación para que poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.

5.- O gasto total certificado deberá ser superior ou igual ás cantidades concedidas ao concello para tal fin pola Deputación, Xunta de Galicia e por calquera outra

administración pública o privada, no caso de que a cantidade xustificada non acade a suma dos importes percibidos, aboarase a diferenza do percibido e o efectivamente gastado, e, no caso de sobrepasar esa cifra, a Deputación aboará como máximo a cantidade concedida.

6.- O gasto derivado do presente acordo será imputado á partida 0305/622B/762.01 .

7.- Aprobar o texto do convenio tipo a través do que se asinarán os compromisos do proxecto PLAN DE RENOVACIÓN E MELLORA DO COMERCIO GALEGO.

Anualidade 2009.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE _____ PARA FINANCIAR O PROXECTO , INCORPORADO NO PROGRAMA DA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA PLAN DE RENOVACIÓN E MELLORA DO COMERCIO GALEGO

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO _____, para o financiamento da (DENOMINACIÓN DO PROXECTO).

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO

O presuposto total da execución do proxecto ao que se fai referencia na cláusula anterior.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de _____ €, o que representa unha porcentaxe do 45%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 45 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras ou subministracións e, xa que logo, non serán subvencionables

os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2009	0305/622B/762.01	498.767,69 €

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese ao CONCELLO que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o devandito ano e a que existe nel a dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO o outorgamento do contrato de execución das obras ou subministracións descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

(Se o importe do financiamento provincial supera os 30.000 euros)

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

(E para subvencións por importe superior aos 60.000 euros).

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra ou facturas de subministracións, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o CONCELLO deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación do acordo de aprobación da certificación de obra ou factura de subministracións e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Certificacións de obra ou facturas de subministracións.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2. Asemade, coa derradeira certificación de obra ou factura de subministracións, deberase aportar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. Os proxectos que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos, antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas os proxectos, o CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta

de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO na documentación aportada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmete mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO poderá ser escollido pola Intervención

provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO seranlle remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no antedito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata un ano a contar dende a súa sinatura.
2. Previa solicitude do CONCELLO, o convenio poderase prorrogar por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes, e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e dos CONCELLOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

“E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuaduplicado, no lugar e data indicados no encabezamento”.

ANEXO I

CONCELLO	PROXECTO	ORZAMENTO	XUNTA	%	ORZAMENTO	XUNTA	%	XUNTA (Dog 28/01/2009)	ORZAMENTO	AXUDA	%
ARZÚA	Urbanización e dotación de servizos R/L. Seoane e Castelaio	76.923,08 €	26.923,08 €	35%	245.891,54 €	86.062,04 €	0,35	112.985,12 €	245.891,54 €	110.651,19 €	0,45
BOIRO	Semipeonización R/Ramón Fdez. Mato	149.999,99 €	52.500,00 €	35%	150.000,00 €	52.500,00 €	0,35	105.000,00 €	150.000,00 €	67.500,00 €	0,45
CULLEREDO	Peonalización rúas Hersa e S. Xurso de Carricarte	236.453,50 €	82.758,89 €	35%	236.453,06 €	82.758,57 €	0,35	165.517,46 €	236.453,06 €	106.403,88 €	0,45
CULLEREDO	Arranxo espazo destinado a mercado tradicional no Burgo	93.946,50 €	32.881,30 €	35%	93.946,45 €	32.881,26 €	0,35	65.762,56 €	93.946,45 €	42.275,90 €	0,45
MUROS	Mellora condicións acceso mercado e memoria	86.251,18 €	30.187,91 €	35%	86.251,18 €	30.187,91 €	0,35	60.375,82 €	86.251,18 €	38.813,03 €	0,45
SADA	Substitución redes principal acometemento e pavimentación, R/Pont-Alcald.	137.989,97 €	48.296,49 €	35%	137.989,97 €	48.296,49 €	0,35	96.592,98 €	137.989,97 €	62.095,49 €	45%
ZAS	Urbanización e modernización rúas comerciais en Baio	127.033,70 €	44.461,82 €	35%	127.033,70 €	44.461,78 €	0,35	88.923,60 €	127.033,70 €	57.165,17 €	45%
A POBRA	Remodelación R/Manel Varela, Xogo da Bola e Card. Patiño	118.826,01 €	53.471,70 €	45%	39.608,67 €	17.823,90 €	45%	71.295,60 €	39.608,67 €	13.863,03 €	35%
									1ª FASE	498.767,69 €	

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras.e Sres. deputados, o Grupo Popular ten unha pregunta oral referente ao Plan de eliminación de tendidos. No Pleno do 21 de decembro de 2007, no punto 10 da orde do día, figuraba a aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e Unión Eléctrica Fenosa, e que nós tamén nese Pleno pedimos que se engadise tamén APIME, que son instaladores eléctricos, para financiar un programa de mellora do impacto visual sobre instalacións eléctricas en bens de carácter institucional ou monumental. No primeiro semestre do ano 2008 recíbense na deputación as solicitudes dos concellos que desexan adherirse ao plan, o seguinte trámite que se leva a cabo por parte da deputación é requirir aos concellos participantes para o efecto de corrixir deficiencias referentes á documentación achegada. Desde entón reina a incerteza no que se refire á efectividade do plan aprobado.

Polo tanto, a pregunta é que vai ocorrer coas peticións efectuadas no seu día polos concellos tras adherirse ao Plan de mellora do impacto visual sobre instalacións eléctricas en bens de carácter institucional ou monumental?

Sr. Presidente

Impórtalle Sr. Gacio que lle respondamos por escrito a esa pregunta?, se me facilitase o texto da pregunta eu viría con datos para responderlle no Pleno, pero é a primeira noticia de que van facer esa pregunta, e non teño datos aquí para poder responder, polo tanto, responderémoslle por escrito. Moitas grazas.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.